

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES E SEGURIDADE SOCIAL

10397 *Real decreto 900/2018, do 20 de xullo, de desenvolvemento da disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, en materia de pensión de viuvez.*

O pleno do Congreso dos Deputados aprobou, na súa sesión do día 25 de xaneiro de 2011, o Informe de avaliación e reforma do Pacto de Toledo. Entre as recomendacións efectuadas pola entón Comisión Parlamentaria non permanente de seguimento e avaliación dos acordos do Pacto de Toledo, encóntrase a referida ás prestacións de viuvez e orfandade. En concreto, propúñase que a intensidade protectora se debería concentrar nas persoas beneficiarias da pensión de viuvez, con 65 ou máis anos, para as cales a pensión constitúe a súa principal fonte de ingresos, considerando que esa mellora da acción protectora podería levarse a cabo incrementando a porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión.

Co obxectivo de dar cumprimento a esa recomendación, a disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, preceptúa o incremento da porcentaxe aplicable á base reguladora da pensión de viuvez até o 60 por cento para as persoas beneficiarias maiores de 65 anos que non perciban outra pensión pública, nin perciban outros ingresos pola realización de traballo ou de capital en contía relevante. Esta norma prevía un incremento gradual desde o 1 de xaneiro de 2012 até alcanzar o 60 por cento o 1 de xaneiro de 2019.

Non obstante, tanto o Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, na súa disposición adicional novena, como as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado, dispuxeron o adiamento da aplicación do establecido na citada disposición adicional trixésima. Tal e como se sinala na exposición de motivos do real decreto lei antes citado, as medidas adoptadas nel polo Goberno obedeceron á importante desviación do saldo orzamentario estimada nese momento para o conxunto das administracións públicas para o exercicio 2011 respecto ao obxectivo de estabilidade comprometido.

Esa tendencia económica negativa foi variando favorablemente desde o ano 2012 até a actualidade, motivo polo cal a Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018, establece, na súa disposición adicional cuadraxésimo cuarta, un incremento de catro puntos na porcentaxe aplicable á base reguladora das pensións de viuvez que cumpran cos requisitos establecidos na disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, desde o día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor da dita lei. A porcentaxe restante até alcanzar o 60 por cento incrementarase a partir do 1 de xaneiro de 2019. Para a adecuada aplicación por parte das entidades xestoras da Seguridade Social do referido incremento, faise necesaria a aprobación deste real decreto.

A mellora proposta pasa a formar parte da pensión de viuvez, ben que cun réxime xurídico diferenciado, ao estar sometida a uns requisitos específicos. Cando a persoa beneficiaria deixe de cumprir os requisitos que xeran o dereito á mellora, volverase aplicar o réxime xeral da pensión de viuvez.

Ora ben, a actualización da porcentaxe aplicable á base reguladora para determinar a pensión de viuvez non supón en ningún momento a perda do dereito á percepción dos correspondentes complementos por mínimos determinados nas distintas leis de orzamentos xerais do Estado. Isto significa que, en todo momento, a persoa beneficiaria

seguirá percibindo a pensión mínima establecida polas citadas leis, aínda que a contía determinada pola aplicación da porcentaxe á base reguladora sexa menor.

Esta reforma do sistema de prestacións da viuvez, ben que aborda o desenvolvemento da Lei 27/2011, do 1 de agosto, cuxa finalidade práctica era ampliar a contía das pensións de viuvez a aquelas persoas que non dispuñan doutros ingresos, na actualidade os seus efectos sociais serán outros, pero, en todo caso, servirán para actuar contra a fenda de xénero nas pensións do sistema e mellorar a situación do colectivo de pensionistas sen ingresos adicionais.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, canto ao principio de necesidade, xustifícase no mandato para o desenvolvemento regulamentario do Goberno contido na disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, e polo establecido na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, e no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguranza xurídica, eficacia e eficiencia, consegue o seu obxectivo mediante a única alternativa posible, a aprobación dunha norma con rango de real decreto.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia en canto que, de conformidade co previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, este real decreto foi sometido ao trámite de audiencia e información pública mediante a súa publicación no portal web do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social e de consulta directa ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas.

Na tramitación deste real decreto emitiron informe os distintos órganos e entidades do departamento, así como o entón Ministerio de Facenda e Función Pública.

Este real decreto dítese en virtude das facultades atribuídas á titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social pola disposición derradeira sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, e de acordo coa competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social que o artigo 149.1.17.^a da Constitución española atribúe ao Estado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo, Migracións e Seguridade Social, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación do incremento da porcentaxe aplicable para o cálculo da contía da pensión de viuvez do sistema da Seguridade Social, de acordo co establecido na disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, e na disposición adicional cuadraxésimo cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Artigo 2. *Requisitos das persoas beneficiarias.*

O disposto neste real decreto aplicarase ás persoas beneficiarias da pensión de viuvez do sistema da Seguridade Social que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Teren feito unha idade igual ou superior aos 65 anos.
- b) Non teren dereito a outra pensión pública española ou estranxeira.
- c) Non percibiren ingresos pola realización de traballo, xa sexa por conta propia ou allea.
- d) Non percibiren rendementos do capital, de actividades económicas ou ganancias patrimoniais, de acordo co concepto establecido para esas rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas, que en cómputo anual superen o límite de ingresos establecido

na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado para ser beneficiario da pensión mínima de viuvez.

Artigo 3. *Mellora da pensión de viuvez.*

Cando concorran os requisitos recollidos no artigo anterior, o importe da pensión de viuvez determinarase aplicando á base reguladora que corresponda a porcentaxe do 60 por cento.

Artigo 4. *Recoñecemento e efectos.*

1. A mellora prevista no artigo anterior será recoñecida, por solicitude da persoa interesada, pola entidade xestora da Seguridade Social correspondente e será a cargo da entidade xestora da Seguridade Social ou mutua colaboradora coa Seguridade Social que sexa responsable da pensión de viuvez de que se trate.

2. Cando o cumprimento dos requisitos a que se refire o artigo 2 nas súas alíneas a), b) e c) se acredite na data do feito causante da pensión de viuvez, a aplicación da porcentaxe do 60 por cento producirase desde o día de efectos da pensión, sempre que na solicitude se declarasen expresamente uns ingresos que non superen o límite establecido na alínea d) do artigo 2.

Cando a aplicación da porcentaxe do 60 por cento se solicite con posterioridade ao recoñecemento da pensión de viuvez, producirá efectos a partir dos tres meses anteriores á data da solicitude, sempre que naquel momento se reunisen todos os requisitos para ter dereito a esa porcentaxe. En caso contrario, producirá efectos a partir da data en que concorren os citados requisitos.

Artigo 5. *Suspensión do dereito.*

A mellora regulada neste real decreto ten carácter non consolidable. A perda dalgún dos requisitos establecidos no artigo 2 motivará a aplicación da porcentaxe do 52 por cento prevista no artigo 31.1 do Decreto 3158/1966, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral que determina a contía das prestacións económicas do réxime xeral da Seguridade Social e condicións para o dereito a elas.

A suspensión da mellora terá efectos económicos desde o día primeiro do mes seguinte ao incumprimento dalgún dos requisitos previstos nas alíneas b) e c) do artigo 2, mentres que os efectos económicos da suspensión por incumprimento do previsto na alínea d) serán desde o día primeiro do mes de xaneiro do ano en que se produza a superación do límite dos rendementos establecidos. Neste último caso, os importes percibidos durante todo ese ano como consecuencia da aplicación da porcentaxe do 60 por cento en lugar do 52 por cento que tivese correspondido, terán a consideración de indebidamente percibidos, aínda que se cumprise a obrigaición prevista no artigo seguinte.

Cando, suspendido o dereito á mellora, se solicite a súa rehabilitación, os efectos desta, cando proceda por concorreren novamente os requisitos previstos nas alíneas b) e c) do artigo 2, produciranse conforme o previsto no derradeiro parágrafo do artigo 4.2. Cando a dita rehabilitación se produza por volver cumprir o requisito previsto na alínea d) do artigo 2, os seus efectos retrotraeranse ao 1 de xaneiro do ano en que se solicite a rehabilitación.

Artigo 6. *Obrigaición de comunicación.*

1. Para os efectos previstos no artigo anterior, as persoas beneficiarias están obrigadas a presentar ante a entidade xestora da Seguridade Social que corresponda, no prazo dun mes contado desde a data en que se produzan, unha comunicación debidamente acreditada de cantas variacións tivesen lugar na súa situación que poidan supor a suspensión do dereito á porcentaxe previsto no artigo 3.

2. As persoas beneficiarias residentes no estranxeiro estarán obrigadas, ademais, a presentar antes do 1 de marzo de cada ano declaración relativa ao mantemento ou non dos requisitos establecidos no artigo 2, alíneas b), c) e d).

En relación co requisito previsto no artigo 2.d), a dita declaración referirase aos rendementos do exercicio anterior e a cantas variacións respecto deles prevexa que se van producir no exercicio en curso.

3. Ademais do previsto nos números anteriores, a entidade xestora da Seguridade Social poderá requirir en todo momento ás persoas beneficiarias unha declaración dos seus ingresos, así como dos seus bens patrimoniais e, se for o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas, sen prexuízo do previsto no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 7. *Incompatibilidade.*

No suposto de que a persoa beneficiaria reúna os requisitos establecidos no artigo 31.2 do Decreto 3158/1966, do 23 de decembro, para o recoñecemento da porcentaxe do 70 por cento aplicable á base reguladora da pensión de viuvez, procederá o recoñecemento daquel, se resultar máis favorable, sen que se poida acumular á mellora regulada neste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación progresiva.*

A porcentaxe a que se refire o artigo 3 e concordantes aplicarase de forma gradual nos seguintes termos:

- a) A partir da data de efectos económicos deste real decreto, aplicarase o 56 por cento.
- b) A partir do 1 de xaneiro de 2019, aplicarase o 60 por cento.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación a pensións causadas antes da data de efectos económicos deste real decreto.*

As novas contías aplicaranse de oficio ás pensións que, causadas antes da data de efectos económicos deste real decreto, se encontren vixentes nesa data, sempre que, de acordo cos datos de que dispoña a entidade xestora, concorran todos os requisitos previstos no artigo 2. Non obstante, esta previsión non se aplicará ás pensións recoñecidas en aplicación de normas internacionais nin cando a persoa titular da pensión resida no estranxeiro.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, presumirase que concorre o requisito previsto no artigo 2.d) cando os rendementos obtidos de acordo coa última información facilitada pola Administración tributaria non superen o límite establecido para ser beneficiario, en 2018, da pensión mínima de viuvez.

Todo isto sen prexuízo das obrigacións de comunicación que, de acordo con este real decreto, corresponde cumprir aos ditos pensionistas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase a titular do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos económicos desde o día primeiro do mes seguinte á entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para 2018.

Dado en Madrid o 20 de xullo de 2018.

FELIPE R.

A ministra de Trabajo, Migracións e Seguridade Social,
MAGDALENA VALERIO CORDERO